

Proxecto Xestión Económica

2020

IES Manuel García Barros

**(Aprobado polo Consello Escolar,
o día 29 de xaneiro de 2020)**

Os centros públicos sostéñense con fondos públicos obtidos directamente dende a Consellería de Educación.

O orzamento percibido polo centro varía cada ano en función do alumnado matriculado e duns parámetros fixos, como os coeficientes asignados polos tipos de ensinanzas impartidas, ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos, Ensinanza de Adultos, e outros como a superficie do centro.

A cantidade asignada a cada centro, repártese en tres ingresos ao longo do ano:

- Primeiro ingreso, no mes de marzo, percíbese o 40% do presuposto.
- Segundo, en maio, percíbese o 30%.
- Terceiro e último, en outubro, o restante 30%.

A maiores desta cantidade o noso centro percibe unha cantidade para gastos de funcionamento das ensinanzas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, Programas Mellora da aprendizaxe e Rendemento, que é ingresada aproximadamente nas mesmas datas que o presuposto xeral e coas mesmas porcentaxes en cada ingreso.

Estas cantidades hai que xustificalas ao finalizar o ano fiscal, no mes de xaneiro do ano seguinte. Deben ir separadas por diferentes seccións según se reflicte no cadro seguinte:

SECCIÓN	CONCEPTO
1	Arrendamentos
2	Reparacións, mantemento e conservación
3	Material de oficina
4	Subministracións
5	Comunicacións
6	Transporte
7	Traballos realizados por outras empresas
8	Primas de seguro
9	Tributos
10	Axudas de custo e locomoción
11	Gastos diversos
12	Mobiliario e utensilios inventariables
13	Outros materias inventariables

O centro pode percibir outras cantidades para os seguintes conceptos:

- Fomento do uso do galego.
- Plan de Mellora de Bibliotecas.
- Clube de Lectura.
- Adquisición do Fondo Solidario de Libros.

Que son partidas finalistas que se asignan aos centros para uns fins determinados.

Ademais, nas contas de cada ano poden aparecer outros ingresos:

- Cobro do Seguro Escolar
- Cobro de excursións, entradas,
- Ingresos de fotocopias, sobres de matricula...

RESUMO DE GASTOS – ANO 2019

Na seguinte táboa mostrase o reparto asignado por sección nos orzamento do ano 2019, e na última columna o gasto real en cada sección:

SECCIÓN	CONCEPTO	ASIGNADO	GASTADO
1	Arrendamentos	0 %	0 %
2	Reparacións, mantemento e conservación	30 %	43,64 %
3	Material de oficina	10 %	8,40 %
4	Subministracións	30 %	23,46 %
5	Comunicacións	2 %	1,78 %
6	Transporte	0 %	0,05 %
7	Traballos realizados por outras empresas	9%	4,33 %
8	Primas de seguro	0,5 %	0,31 %
9	Tributos	0 %	0,37 %
10	Axudas de custo e locomoción	0,5 %	0,19 %
11	Gastos diversos	5 %	10,05 %
12	Mobiliario e utensilios inventariables	7 %	2,40 %
13	Outros materiais inventariables	6 %	5,03%

Analizando os datos da táboa observamos que:

- Un aumento moi grande na sección 2, que se debe a unha dotación de 20.000.-€ que recibimos da Consellería destinada a mellorar a envolvimento do centro.
- Esta dotación, e polo tanto, o aumento no total de ingresos fai que o resto de porcentaxes sexan inferiores ao estimado nos orzamentos de 2019. De non existir esta partida, os porcentaxes axustaríanse ao presupostado agás a sección.
- Na sección 11, gastos diversos, inclúense os pagos de actividades extraescolares e complementarias (máis de 14.000.-€), pero que non saíron da dotación orzamentaria do centro pois foron pagados cos ingresos correspondentes aos pagos do alumnado.
- Comentar que aínda que as porcentaxes son diferentes, en termos absolutos os gastos nas seccións 2, 3, 4, 12 e 13 mantéñense igual que nos últimos anos.

ORZAMENTO - 2020

Para o ano 2020, e aínda se coñecer o orzamento que asignará a Consellería ao noso centro, estímase (tendo en conta a análise da páxina anterior) un reparto por seccións para os ingresos destinados a gastos de funcionamento as porcentaxes de gasto do ano 2020, da seguinte forma:

SECCIÓN	CONCEPTO	PORCENTAXE
1	Arrendamentos	0 %
2	Reparacións, mantemento e conservación	30 %
3	Material de oficina	10 %
4	Subministracións	30 %
5	Comunicacións	2 %
6	Transporte	0 %
7	Traballos realizados por outras empresas	9%
8	Primas de seguro	0,5 %
9	Tributos	0 %
10	Axudas de custo e locomoción	0,5 %
11	Gastos diversos	5 %
12	Mobiliario e utensilios inventariables	7 %
13	Outros materias inventariables	6 %

Para este ano continuaremos cun reparto igual ao do ano anterior:

REPARTO ORZAMENTO	
Gastos do CENTRO	91 %
Gastos de Departamentos Didácticos	5,6 %
Gastos Actividades Extraescolares e Complementarias	0,4 %
Gastos de Orientación	2 %
Gastos de Biblioteca	1 %

Recordamos que do orzamento total do centro se asigna unha porcentaxe para os gastos dos Departamentos Didácticos, e que se asignan unhas porcentaxes específicas para o Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias, o 0,4 %, e para o Departamento de Orientación, un 2 %. Tamén se mantén a asignación do 1 % para gastos da Biblioteca.

As porcentaxes para o reparto do correspondente aos Departamentos será o mesmo que o ano 2020 como se pode consultar na seguinte táboa:

DEPARTAMENTO	PORCENTAXE
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	10,00
ECONOMÍA	5,00
ED. FÍSICA	8,00
ED. PLÁSTICA	10,00
FILOSOFÍA	2,00
FÍSICA E QUÍMICA	8,00
FRANCÉS	3,00
INGLÉS	7,00
LATÍN	3,00
L. CASTELÁ	7,00
L. GALEGA	7,00
MATEMÁTICAS	6,00
MÚSICA	5,00
RELIXIÓN	2,00
TECNOLOXÍA	10,00
XEOGRAFÍA E HISTORIA	7,00
TOTAL	100,00

A Estrada, 29 de xaneiro de 2020


Visto e prace
A Directora



Asdo.: Ana Rosa Fernández Pérez



A Secretaria



Asdo.: Obdulia García Nimo